

Proxecto educativo de cidade Ulla máis urbana



Centro educativo e lugar:

**IES Ulla Fidentia
Montemayor, Córdoba.**

Data de realización: Nace en 2014. Estase a desenvolver na actualidade.

Persoas de contacto: **Francisco Campos,
Antonio Soto.**

Datos de contacto:

pcmazal96l@gmail.com
cultura@montemayor.es

Contexto do centro, nivel educativo
e perfil do alumnado:

O IES Ulla Fidentia está situado nunha zona rural da provincia de Córdoba, en Montemayor, unha localidade moi próxima á capital da provincia. Conta con 156 alumnos e alumnas matriculados en Secundaria obrigatoria. Contamos cunha aula de apoio á integración e unha aula de necesidades educativas especiais. O noso centro é plurilingüe Francés-Inglés e contamos coa maioría do alumnado do pobo, aínda que hai un grupo pequeno que cursa estudos nun centro concertado da localidade veciña, Fernán Núñez.

Proxecto educativo de cidade Ulla máis urbana

Breve descripción da experiencia

En que consistiu?

Elabórase e asinouse un «Proxecto educativo de cidade» común a todos os centros da localidade a proposta do Concello, froito do traballo desenvolvido nos últimos anos sobre os coidados no pobo e das asembleas de alumnas/os que teñen lugar no centro, cuxos resultados, reflexións e propostas de mellora foron compartidos no Concello.

A través deste proxecto, todos os cursos realízanse actividades nas que participan os catro centros institucionais do pobo: CEIP Miguel de Cervantes, gardería municipal, centro de adultos e IES Ulla Fidentia.

Nas actividades prodúcese interacción do alumnado do instituto cos alumnos e alumnas dos outros centros en actividades como o día da Ciencia, a Marcha Solidaria (organizada en colaboración con InteRed), a manifestación do Día contra a violencia de xénero etc. Ademais, ofrécense actividades para realizar no IES co alumnado do resto dos centros educativos, por exemplo, o Almorzo Lector.

Que me propuña?

Os obxectivos eran, por un lado, animar a participación cidadá e o compromiso e a incidencia política de toda a comunidade educativa levando a cabo un traballo cooperativo entre organismos da localidade. Por outra banda, pretendíase o desenvolvemento curricular incluíndo aspectos relacionados cos coidados, a igualdade e a interculturalidade. Fomentar a participación dos alumnos/as na xestión do centro era outro dos obxectivos, tendo en conta o enfoque da educación transformadora que temos incorporado no centro. Por iso, desenvolver actuacións coherentes co sentido de Cidadanía Global e promover novas metodoloxías máis participativas son aspectos claves a ter en conta.

Que fixen e como o fixen?

As raíces teñen que ver co proxecto educativo comunitario de Anzaldo, Bolivia. Con colaboracións regulares do instituto e o Concello anteriores á campaña «Actúa con coidados», o desenvolvemento de actividades de coñecemento do contexto mediante a metodoloxía: ver, xulgar e actuar. E as actividades de solidariedade na cultura do centro que se veñen desenvolvendo no centro desde hai uns anos.

Proxecto educativo de cidade Ulla máis urbana

Breve descripción da experiencia

O grupo de Solidariedade e Mobilización do centro é un grupo formado por alumnas/os que se reúnen periodicamente en horario non-lectivo, acompañados por InteRed. O obxectivo é, por unha banda, que reciban formación para concienciar e sensibilizar, e, por outra, que poidan dinamizar as actividades de solidariedade e incidencia política tanto no centro como na cidade. Encárganse de organizar a asemblea de alumnos e alumnas e da execución das propostas que dela xurdan. Deses acordos nacen as accións a desenvolver para poñer en marcha a campaña «Actúa con coidados, transforma a realidade en Montemayor e no instituto».

Froito dese traballo xorde a proposta do Concello para elaborar ese proxecto educativo de cidade que sume coñecementos, ferramentas e estratexias para traballar por unha educación transformadora. Por outra banda, hai unha aposta por parte do instituto sobre como integrar os fundamentos e contidos da educación transformadora no proxecto educativo a partir de materiais elaborados por InteRed.

Como incidencia política, propóñense unha serie de accións municipais ao Concello mediante a participación das e dos mozos nun Pleno Municipal, celebrado o día 20 de novembro de 2017. Grazas ás tarefas de acompañamento da técnica de InteRed, puidemos concretar medidas a realizar e definimos o contido da proposta municipal. As accións xiran arredor da igualdade, a loita contra a violencia e o maltrato, os coidados do pobo e da contorna, e a participación cidadá. Pola súa banda, o Concello respondeu a todas e cada unha das propostas con prazos, posibilidades ou inconvenientes á hora de facelas.

Que logros conseguín/ conseguimos?

- Consolidación do grupo de Solidariedade no centro.
- Introducir no proxecto educativo do centro a proposta de educación transformadora.
- Consolidar actuacións referidas aos coidados na actividade cotiá do centro e do pobo. Por exemplo, a xestión económica.
- A dinamización de asociacións locais por parte do alumnado do grupo de solidariedade.
- Introducir a interculturalidade na práctica educativa do profesorado.
- Introducir un plan de sostibilidade e solidariedade no centro e outro plan de igualdade.
- Consolidar a Feira da Interculturalidade de Montemayor.

Breve descripción da experiencia

Que elementos da
estrutura escolar
e do contexto
penso que foron
un apoio ou un freo
para conseguir
os logros?

Que
aprendizaxes
e retos
extraio?

Como elementos que frearon o proceso, destacan os preconceptos do profesorado a respecto dos coidados, a interculturalidade, a igualdade etc.; a dependencia dos proxectos editoriais, o sistema educativo centrado na instrución en lugar de na educación, a distancia entre o proxecto educativo e a práctica, e o distanciamento entre pais/nais e a actividade educativa.

Como apoios, contamos cun equipo de profesorado propulsor do proxecto «Educación transformadora», o equipo directivo comprometido co proxecto, a incorporación no proxecto educativo da educación transformadora, a presenza e o acompañamento permanente da técnica de InteRed, mozos e mozas comprometidos que promoven cambios no centro.

- A necesidade de promover a transformación do pensamento e a práctica do profesorado e o seu compromiso desde o convencemento coa educación transformadora.
- A importancia da consolidación do «Proxecto educativo de cidade» con independencia do partido gobernante no pobo.
- Que o proxecto «Educación transformadora» sexa participativo e autónomo do equipo directivo.
- As familias son unha peza clave se queremos que a transformación se dea e, para iso, o centro ten que estar aberto á participación e xestión do mesmo.
- É preciso buscar fórmulas para superar os proxectos editoriais na acción educativa.
- O proxecto educativo ten que elaborarse de abaixo arriba e de forma participativa, o réxime asembleario é unha ferramenta de primeira orde para construír un proxecto educativo desde a perspectiva da educación transformadora.

O noso reto segue a ser a consolidación da educación transformadora no centro.

Co apoio financeiro da:

